



COÑECE CERDEDO!

Cerdedo é o lugar idóneo para descubrir o patrimonio cultural e histórico dunha antiga Terra de Canteiros. Un legado digno de admiración en calquera recuncho, onde perdetes polas súas carballeiras e paraxes naturais.



IGREXAS

1	San Estevo de Pedre
2	San Xoan de Cerdedo
3	San Martiño de Figueroa
4	Santa Baia de Castro
5	San Tomé de Quireza
6	Santa Mariña de Tomonde
7	San Pedro de Parada
8	Santa María de Folgoso



EIRADOS

1	Eira Grande
2	Eira da Hermida
3	Eira da Pena

A PONTE ROMANA DE PEDRE

IGREXA PARROQUIAL SAN TOMÉ DE QUIREZA, OS CASTROS



Alzada na confluencia do río **Lérez** co seu tributario o río **Quireza**, asociase a unha **calzada romana** empregada coma **ruta de peregrinación** ate Santiago de Compostela. Reconstruída no s. XIV, conserva tres arcos e un cruceiro de finais do s. XII. O **núcleo do lugar de Pedre** é boa mostra do patrimonio histórico - cultural grazas á Eira Grande, a Reitoral, o viacrucis e a Igrexa Parroquial de Santo Estevo s. XVII - XIX. ↑



De estilo barroco – neoclásico s. XVII - XIX. Conxunto de imponente beleza grazas ó **cemiterio**, o **cruceiro das Procesiões**, a **reitoral** de oito columnas de cantería sostendo a balconada, e o **viacrucis**. É salientábel o retablo do altar maior datado no 1679. ↗

EIRA ERMIDA, FILGUEIRA

O eirado, composto de 21 canastros é digna mostra de **arquitectura popular** ó constituír grupos arquitectónicos case únicos en Galicia. Acompaña á **Capela de Nosa Señora dos Remedios** s. XVIII e o cruceiro. E tamén destacábel a panorámica de San Tomé de Quireza. ↓



CAPELA DE SAN LOURENZO, SERRAPIO



Unha **calzada pétre**a une a Ponte Romana de Pedre co veciño **Serrapio**. A **Capela de San Lourenzo** no cumio do outeiro agarda impasíbel dende o s. XVIII. De estilo barroco, ó carón da ermida álzase o pombal e restos dun viacrucis. ↑

IGREXA PARROQUIAL SAN XOÁN BAUTISTA, CERDEDO

É salientábel o conxunto composto do cemiterio, o cruceiro, a igrexa, a praza de **Don Fernando García Leiro** e a reitoral s. XVIII. De estilo neoclásico e fachada barroca a **Igrexa Parroquial** s. XVIII garda no seu interior imaxes realistas do Divino Ecce Homo, da Virxe das Dores e de San Xoán Bautista. **Don Fernando García Leiro**, fillo da parroquia, obreiro, mestre e párroco dende 1921 da freguesía. ↓



CONXUNTO DE SAN ANTÓN, CERDEDO

Unha **calzada medieval** encamiñanos ó **conxunto romano** formado pola capela s. XVI, cruceiro e ponte s. XIII. A **capela** é de sobria fachada e pequena espadana con advocación a San Antón Abade. A **ponte** álzase sobre o río **Castro** e servía a antigos camiños ate Santiago de Compostela. ↓

